



XXXII
*Concurso
de Tarjetas
de
Nadal*

**BASES
DE PARTICIPACIÓN
EDICIÓN DE 2022**

BASES DO XXXII CONCURSO DE TARXETAS DE NADAL 2022

PARTICIPANTES

Poderán participar todos os rapaces e rapazas de Brión, que cursen Educación Infantil ou Primaria, cun único traballo por autor/a.

CONDICIÓNS TÉCNICAS

As medidas e técnica empregada nas obras será libre, coa única temática común do Nadal. As tarxetas poden incluír algún texto relacionado co tempo do Nadal, sempre que este sexa en lingua galega. As tarxetas presentaranse sen asinar, debendo levar ao dorso os datos do/a autor/a: nome, apelidos, idade e curso.

DATA E LUGARES DE PRESENTACIÓN

As tarxetas poderán presentarse ata o **22 de decembro** no CEIP de Pedrouzos, nas Escolas de Educación Infantil ou na Casa da Cultura de Brión.

PREMIOS

Tres premios individuais para cada Escola de Educación Infantil:

1. EEI Os Ánxeles:

1º Premio: Vale de 30 € para libros, xogos ou material escolar.
2º Premio: Vale de 25 € para libros, xogos ou material escolar.
3º Premio: Vale de 20 € para libros, xogos ou material escolar.

2. EEI Sabaxáns:

1º Premio: Vale de 30 € para libros, xogos ou material escolar.
2º Premio: Vale de 25 € para libros, xogos ou material escolar.
3º Premio: Vale de 20 € para libros, xogos ou material escolar.

3. CEIP Pedrouzos:

1º Premio: Vale de 30 € para libros, xogos ou material escolar.
2º Premio: Vale de 25 € para libros, xogos ou material escolar.
3º Premio: Vale de 20 € para libros, xogos ou material escolar.

Tres premios individuais para cada Ciclo de Educación Primaria:

1º Ciclo de Educación Primaria:

1º Premio: Vale de 30 € para libros, xogos ou material escolar.
2º Premio: Vale de 25 € para libros, xogos ou material escolar.
3º Premio: Vale de 20 € para libros, xogos ou material escolar.

2º Ciclo de Educación Primaria:

1º Premio: Vale de 30 € para libros, xogos ou material escolar.
2º Premio: Vale de 25 € para libros, xogos ou material escolar.
3º Premio: Vale de 20 € para libros, xogos ou material escolar.

3º Ciclo de Educación Primaria:

1º Premio: Vale de 30 € para libros, xogos ou material escolar.
2º Premio: Vale de 25 € para libros, xogos ou material escolar.
3º Premio: Vale de 20 € para libros, xogos ou material escolar.

PROPIEDAD DAS OBRAS

As obras gañadoras quedarán en propiedade do Concello de Brión.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, o Concello de Brión poderá incorporar os datos facilitados polas persoas participantes aos ficheiros de datos de carácter persoal desta institución. O Concello de Brión poderá realizar tratamento informatizado, ou non, de todos os referidos datos de carácter persoal, directamente coa seguinte finalidade: (I) Publicar na revista Altamira e nas páxinas web do concello a relación de persoas participantes e premiadas neste certame.

As persoas participantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición ao tratamento, de conformidade co establecido na lexislación vixente, dirixíndose por escrito ao Sr. Alcalde do Concello de Brión, entidade responsable dos ficheiros, no seguinte enderezo: *Praza do Concello nº 1, 15865 Brión (A Coruña).*

Así mesmo, os/as autores/as das obras participantes no Concurso ceden o dereito de reprodución fotográfica das mesmas ao Concello de Brión, coa fin de dar publicidade a este evento, comprometéndose este a incorporar, xunto á reprodución, o nome e apelidos da persoa autora.

COMPOSICIÓN DO XURADO

As obras presentadas pasarán por dous xurados de escolla. No CEIP de Pedrouzos, un xurado designado polo propio centro realizará unha primeira selección entre as tarxetas alí realizadas. As seleccionadas polo CEIP serán recollidas por persoal do Departamento de Cultura do Concello de Brión, onde se terá designado un xurado que realizará a selección final entre todas as presentadas.

O fallo do xurado emitirase o **5 de xaneiro de 2023**, reservándose o dereito a declarar algún premio deserto se o estimase oportuno. O veredicto do xurado será inapelable. O xurado e a organización resérvanse o dereito de resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso en todo o non previsto nestas normas.

O feito de participar neste Concurso supón a aceptación destas bases.



**Concello
de Brión**